

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 26 DE NOVEMBRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Anteproxecto de Lei da economía social de Galicia.

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio multilateral de colaboración entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Entidade Pública Empresarial Red.es, para a extensión do acceso á banda larga ultrarrápida dos centros docentes españois, cun importe de vinte e catro millóns cento sesenta e nove mil trescentos euros (24.169.300,00 euros).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a antiga Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a entidade Caixa Galicia, suscrito o 10/04/2008, para mellorar o sistema de pagamentos do transporte metropolitano de Galicia, por importe de oitenta e seis mil oitocentos cincuenta e catro euros (86.854,00 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación en favor de Persoas con Discapacidade Intelectual da provincia de Pontevedra, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado discapacitado nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de seis mil cento noventa e nove euros con vinte céntimos (6.199,20 euros).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á 9ª prórroga do contrato de xestión de servizos públicos para a explotación das Residencias Asistidas para persoas maiores “A Nosa Señora de Fátima” e “Os Pinos” da Rúa, na modalidade de concerto. (Exp. PN 26/2005). Importe do orzamento: catrocentos sesenta e dous mil catrocentos sesenta e seis euros con sesenta e dous céntimos (462.466,62 euros). Valor estimado: doce millóns seiscientos sete mil douscentos sesenta e tres euros cun céntimo (12.607.263,01 euros).
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual para a concesión de mil oitocentas vinte e dúas libranzas de prestación de coidados no contorno familiar consonte as previsións establecidas pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, por un importe total de nove millóns seiscientos trinta e cinco mil cincuenta e oito euros con tres céntimos (9.635.058,03 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

- Informe sobre o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG) 2010-2020. Balance 2011-2014.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a creación de espazos de innovación en servizos asistenciais.

A PRIMEIRA LEI DE ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA FACILITARÁ A CREACIÓN DE COOPERATIVAS AOS MENORES DE 30 ANOS

- *O proxecto de Lei, que agora se remitirá ao Parlamento, configúrase como unha normativa pioneira a nivel autonómico que permitirá regular un sector que aglutina máis de 7.000 entidades e 320.000 persoas*
- *O seu principal obxectivo é poñer en valor a economía social e impulsar un modelo de desenvolvemento económico social, equilibrado e sustentable*
- *A norma modificará a Lei de cooperativas para regular a figura da cooperativa xuvenil, reducindo a 300 euros o capital social mínimo necesario para a posta en marcha dunha cooperativa para os mozos menores de 30 anos*
- *Activarase unha nova liña de apoio impulsada por XesGalicia e dotada con 5 millóns para mellorar a capitalización e reforzar as estruturas das entidades da economía social, especialmente no eido rural*
- *Créase o Consello da Economía Social de Galicia, que favorecerá a participación das entidades que forman parte do sector e coordinará as actuacións para o fomento e promoción destas*
- *Promóvese a simplificación dos trámites administrativos, a introdución da economía social nos plans de estudos e a participación da economía social nas políticas activas de emprego*

O Goberno galego vén de aprobar hoxe o proxecto da primeira Lei de economía social de Galicia que regulará un sector que aglutina máis de 7.000 entidades e 320.000 persoas. Esta normativa, que agora inicia a súa tramitación no Parlamento, converterá a Galicia nunha Comunidade pioneira en ter unha lei destas características. O seu principal obxectivo será poñer en valor a economía social, dotada da relevancia que merece e impulsar un modelo de desenvolvemento económico, social, equilibrado e sustentable. Desta forma preténdese recoñecer e fomentar aquelas entidades que, realizando actividades económicas ou empresariais, se caracterizan por perseguir o interese colectivo das persoas que as integran, o interese xeral económico ou social, ou ambos. En definitiva, búscase integrar o sector e abrir canles de participación das entidades que forman parte del, así como facilitar a posta en marcha de cooperativas aos menores de 30 anos.

Neste sentido, a norma modifica a Lei de cooperativas regulando a figura da 'cooperativa xuvenil', que estará constituída, maioritariamente, por mozos menores de 30 anos, que contarán con dúas vantaxes fundamentais para a posta en marcha das ditas cooperativas. Dun lado, redúcese o capital social mínimo para esta modalidade de 3.000 a 300 euros e, doutro, permítese a constitución desta en documento privado co aforro que isto supón.

Esta figura da 'cooperativa xuvenil' xa foi anticipada, por vez primeira, o ano pasado a través dunha innovadora orde de axudas que tivo continuidade durante este exercicio, facilitando a activación dunha decena de cooperativas formadas, maioritariamente, por persoas menores de 30 anos. Ademais, o programa de Garantía Xuvenil está a fomentar a incorporación dos mozos galegos a este tipo de entidades.

Esta aposta polo cooperativismo xuvenil está especialmente vinculada ao compromiso do Goberno galego co fomento do emprendemento no rural. Neste sentido, cómpre salientar que a nova lei prevé a activación dunha liña de apoio impulsada por XesGalicia e dotada con 5 millóns que ten por obxectivo mellorar a capitalización e reforzar as estruturas das entidades da economía social, especialmente no eido rural.

Un esforzo que dá continuidade a outro tipo de apoios como a liña de axudas ao Smartcommerce, que prioriza as actuacións levadas a cabo por municipios de menos de 5.000 residentes.

Así mesmo, cómpre salientar que a Xunta está a traballar xa na Estratexia para o impulso do cooperativismo galego, como parte do desenvolvemento da nova lei. A dita estratexia busca organizar as liñas de actuación para impulsar a promoción e consolidación dos sectores socio-económicos con encaixe na fórmula cooperativa. Entre as medidas que se están a avaliar atópanse a adaptación das medidas de promoción económica do Igape ás cooperativas e outras formas de economía social; ou a elaboración dunha guía de financiamento cooperativo.

O Consello de Economía Social

A nova lei considera tamén a creación do Consello da Economía Social de Galicia, que favorecerá a participación e coordinará as actuacións para o fomento e promoción das entidades. Polo tanto, aglutinará o sector e as entidades interesadas. As súas funcións principais serán elaborar estudos e informes; formular propostas de incorporación ou exclusión no Catálogo de Entidades de Economía Social cuxa creación tamén recolle esta normativa; promover e dinamizar a cooperación empresarial; colaborar na integración da economía social nas políticas públicas de creación de emprego, de fomento do emprendemento e de desenvolvemento local e rural; e velar pola promoción e pola axeitada aplicación dos principios da economía social.

O Consello estará composto por membros da Xunta de diferentes departamentos e representantes da economía social, así como da FEGAMP, universidades, entidades empresariais e sindicais.

Por último, a Lei de economía social de Galicia, entre outras actuacións, promoverá a simplificación dos trámites administrativos a través da utilización dos medios telemáticos; a introdución da economía social nos plans de estudo mediante a

elaboración de unidades didácticas adaptadas a cada nivel e a impartición de formación cun enfoque práctico nos distintos centros educativos; e promoverá a participación da economía social nas políticas activas de emprego. Trátase de que as entidades poidan participar no deseño e implementación das medidas establecidas para o fomento do emprego. O que se pretende é que a economía social poida orientar e asesorar na definición das políticas e que contribúa activamente na súa divulgación e implantación.

O sector

Todas estas actuacións encamiñanse a potenciar un sector que integra as sociedades cooperativas galegas e as súas asociacións; sociedades laborais; empresas de inserción e centros especiais de emprego; sociedades agrarias de transformación; fundacións e asociacións con actividade económica; comunidades de montes veciñais en man común (esta é unha das achegas singulares desta lei, que incorpora esta institución peculiar recollida no dereito civil galego); confrarías de pescadores; mutualidades; e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos valores e principios orientadores establecidos na lei, sempre e cando desenvolvan unha actividade económica e empresarial.

A aprobación da Lei de economía social de Galicia inscríbese na labor de fomento e promoción que a Xunta vén realizando a través de múltiples programas e iniciativas entre os que destaca a creación da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, a través da que se crearon 104 cooperativas e 8 sociedades laborais, ou a modificación da Lei de cooperativas que se levou a cabo a finais de 2011 para actualizar a de 1998 co obxectivo de facilitar e promover a creación de novas cooperativas. Na actualidade existen en Galicia 1.266 cooperativas activas que aglutinan 93.000 socios e crean 21.000 postos de traballo directos, o que significa que preto do 2 por cento dos ocupados galegos están vinculados ao cooperativismo.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PRIMEIRO DECRETO QUE REGULA A TOTALIDADE DA ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA

- *Establece a planificación estratéxica da Acción Exterior galega en coordinación con todos os axentes relevantes, aproveitando o novo marco estatal e codificando de xeito integral a iniciativa autonómica*
- *Reforza a participación galega nas institucións e órganos da Unión Europea en defensa dos intereses de Galicia mesmo perante o Tribunal de Xustiza da UE*
- *Prevé por vez primeira a participación da Xunta na negociación de tratados internacionais no seu eido competencial en coordinación co Estado*
- *Consolida a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal coma ponte á cooperación coa Lusofonía e aposta por unha meirande integración para converterse no modelo de referencia da UE na cohesión territorial europea*
- *Fai especial fincapé na promoción da lingua, cultura e imaxe de Galicia, e na defensa dos dereitos da diáspora galega, xunto coa promoción das nosas empresas no exterior*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o primeiro decreto regulador da acción exterior de Galicia dun xeito integral. Así prevé a aprobación dunha estratexia galega de Acción Exterior (EGAEX) que complemente á Estratexia española. Na elaboración da EGAEX contárase con todos os axentes relevantes para a mellora da proxección e posicionamento de Galicia no exterior, dando traslado deste ao Parlamento antes da súa aprobación polo Consello da Xunta. Na EGAEX concretáranse as prioridades da sociedade galega, facendo especial fincapé na promoción da lingua, cultura e imaxe de Galicia, na defensa dos dereitos da diáspora galega, ademais da promoción da empresa e a economía galegas no exterior e no estreitamento do vínculo con Portugal e coa comunidade lusófona.

Nesta liña, mellora a coordinación interadministrativa en Galicia e desta co Estado. Por iso, refórzase o Consello de Acción Exterior (CAEX) como órgano colexiado de traballo, asesor e coordinador. Tamén se incrementa o rango da normativa reguladora das viaxes oficiais ao exterior, conxugando a aplicación do Código Ético institucional coa nova normativa estatal na materia, que implica a coordinación co Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación (MAEC). Igualmente mellórase a regulación das delegacións exteriores da Xunta, da Fundación Galicia-Europa e das antenas autonómicas de negocios encadradas no IGAPE.

Meirande participación galega na UE

Tamén, aproveitando o novo marco definido polas leis estatais de Acción Exterior e de Tratados, dáse un forte pulo á participación galega nas institucións e órganos da UE, codificando todas as canles e procedementos ao alcance da Xunta, dende a participación no Consello –no que se reúnen os ministros da cada carteira- ata o

acceso ao Tribunal de Xustiza da UE, para a mellor defensa dos dereitos e intereses galegos nas diversas políticas públicas europeas. Galicia quere converterse así no referente autonómico dunha participación construtiva e integradora na UE, sendo líder na defensa do principio de subsidiariedade e á vez paradigma da defensa da legalidade europea e constitucional.

Acceso de Galicia á negociación de Tratados internacionais

Con este decreto, a Xunta de Galicia convértese na primeira comunidade autónoma disposta a aproveitar de maneira rigorosa e protocolizada a posibilidade de que funcionarios e responsables políticos galegos poidan, ademais de impulsar, participar persoalmente nas negociacións internacionais tendentes á asinar tratados que incidan sobre competencias e intereses galegos. Así mesmo, establece as canles de tratamento da información reservada que forneza o Estado para lle dar conta das negociacións en curso con terceiros Estados ou con organizacións internacionais. Desta maneira Galicia aspira a elevar o listón da súa autonomía dentro da legalidade e do marco constitucional dun xeito práctico e responsable, sen declaracións baleiras, maximalistas e puramente testemuñais.

Eurorrexión e cohesión territorial europea

O decreto tamén inclúe significativos progresos na cooperación con Portugal, avanzando nunha integración máis reforzada que a que esixe o proceso de integración europea. Por esta vía, Galicia aspira a que o noso modelo de cooperación se converta no canon a seguir na política da cohesión europea na súa vertente de cohesión territorial. Así mesmo, estes avances contribuirán a consolidar a aposta galega pola cooperación cos países da Lusofonía, servindo ademais de ancoraxe engadida entre eses países e a comunidade de países de lingua española, comezando pola meirande cooperación e integración entre Portugal e España dentro do proxecto de construción europea, ao considerar que os retos que encara Europa diante dunha crecente globalización e competencia foránea precisan dunha maior cohesión e integración e non da fractura e a confrontación divisoria.

Promoción de Galicia no mundo

Con estas novas ferramentas, plenamente compatibles coa Constitución, co Estatuto de autonomía e mais co ordenamento xurídico, a Xunta aspira a intensificar a promoción da lingua e a cultura galegas naqueles ámbitos exteriores que lle sexan máis acaídos e afíns, potenciadas cunha meirande apertura á cooperación internacional, á vez que fomenta o crecemento da internacionalización das nosas empresas e profesionais, na procura de novos mercados que nos permitan incrementar as exportacións, captar máis investimento internacional e diversificar os destinos dos nosos produtos e servizos para reducir o risco diante de novas crises estruturais, conxunturais ou asimétricas, como a que sufriu Europa e que bateu en España, da que agora comezamos a saír.

O decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

TODOS OS CENTROS PÚBLICOS DE PRIMARIA E SECUNDARIA DE GALICIA DISPORÁN DE CONEXIÓNS DE 100MBPS EN 2017

- *A Xunta e o Goberno central asinarán un acordo para dotar de conectividade de 100mbps a 839 centros públicos*
- *A actuación completarse no prazo de dous anos e contará cun orzamento máximo de 19,1 millóns de euros, dos cales 17,1 serán achegados por Red.es e os 2 millóns restantes pola Amtega*
- *Esta medida, sumada ás que xa ten en marcha a Administración autonómica, permitirá que a finais de 2017 o 100% dos máis de 1.200 centros de primaria e secundaria galegos dispoñan de redes ultrarrápidas*

A Xunta e o Goberno Central colaborarán para dotar a 839 centros públicos de ensino da Comunidade con conexións ultrarrápidas de 100Mbps, grazas a un convenio entre ambas administracións, aprobado hoxe no Consello da Xunta.

O acordo, que asinarán proximamente a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación, Cultura e o Deporte e Red.es, conta cun orzamento máximo de 19.1 millóns de euros, dos cales 17,1 serán achegados pola entidade estatal, a través de Fondos Feder, e os 2 millóns restantes pola Amtega.

Ademais da conexión a redes de 100 Mbps, o convenio establece tamén a dotación dun punto wifi por cada 60 alumnos en todos os centros

Esta actuación, sumada ás que xa ten en marcha a Administración autonómica, posibilitará que, ao remate de 2017, o 100% dos centros públicos de primaria e secundaria da Comunidade, máis de 1.200, dispoñan de redes ultrarrápidas.

O incremento de velocidade permitirá Aos centros ter un acceso máis efectivo á Rede, sen esperas ou contratempos, permitindo a conexión simultánea dun maior número e o funcionamento de máis aplicacións informáticas cun tempo de resposta adecuado.

Infraestruturas TIC, chave no desenvolvemento de Abalar

A dotación de infraestruturas TIC nos centros educativos é un dos eixos do Proxecto Abalar para a dixitalización das aulas. A día de hoxe máis de 52.000 alumnos de 531 centros estudan en aulas dixitais e máis de 6.000 rapaces están a desenvolver a súa actividade académica no presente curso a través da plataforma de contidos dixitais eDixgal. No que resta de ano dixitalizaranse 2.800 aulas posibilitando que todos os alumnos de 5º e 6º de e 1º, 2º, 3º e 4º da ESO estuden nunha contorna dixital.

Máis de 250 centros con redes ultrarrápidas e melloras previstas

A día de hoxe máis de 250 centros educativos contan con conexións de 100 ou 200 Mbps e o novo contrato de telecomunicacións da Xunta, que entrou en vigor este ano, considera dotar de redes de 100 Mbps a outros 140 centros educativos. Deste xeito, a finais de 2016, o 31% do centros públicos de primaria e secundaria contarán con redes de 100Mbps.

Desde 2009 as actuacións impulsadas pola Xunta permitiron multiplicar por catro a velocidade media de conexión dos centros educativos dependentes da Administración autonómica. Así, hai seis anos a velocidade media situábase en 5,6 Mbps fronte aos 20,5 Mbps de hoxe en día.

Plan de banda larga 2020

Estas melloras continuarán cos despregamentos previstos no Plan de banda larga 2020, aprobado o pasado mes de outubro para garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga por riba dos 100Mbps.

A principios de 2016 abríase a primeira convocatoria pública para incentivar os despregamentos de redes de 100Mbps co obxectivo de que no 2020 dispoñan deste servizo todos os núcleos de máis de 500 habitantes, o 60% da poboación da Comunidade.

O CONSELLO DA XUNTA RENOVA O ACORDO CON ABANCA PARA ATENDER O INCREMENTO DA DEMANDA DE TARXETAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO

- *Ata o momento distribuíronse máis de 335.00 tarxetas, preto de 100.000 no último ano*
- *Hai que ter en conta que en 2015 se puxo en marcha o Plan de transporte da área de Vigo e a incorporación de 8 concellos ás áreas existentes*
- *As tarxetas manterán un prezo de venda de dous euros grazas á bonificación da Consellería de Infraestruturas*
- *A Xunta reforza a aposta por este sistema de transporte público, para o que se consignan 10 millóns de euros nos Orzamentos de 2016, cando se prevé a posta en marcha na área de Ourense*

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha addenda ao convenio con Abanca para garantir o sistema de pagamentos bonificados nas áreas de transporte metropolitano, co fin de atender o incremento da demanda rexistrada destes dispositivos de pagamento.

O convenio de colaboración entre a Xunta e Abanca ten como obxecto a coordinación entre ambas entidades para canalizar o sistema de tarifas bonificadas do Plan de transporte metropolitano de Galicia. O acordo recolle as actuacións necesarias para a implantación da tarxeta TMG como medio de pago, a optimización da súa tecnoloxía, a bonificación dos transbordos e a posta en marcha de perfís sociais ou tarifas zonais.

Desde a posta en marcha, no ano 2011 das áreas de transporte metropolitano, distribuíronse máis de 335.000 tarxetas, preto de 100.000 delas no último ano, no que se puxo en marcha o Plan de transporte metropolitano da área de Vigo e se incorporaron 8 municipios ás outras áreas nas que xa funcionaba. Actualmente, están en funcionamento as áreas de transporte metropolitano da Coruña, Lugo, Santiago, Ferrol e Vigo.

Ante a previsión dun incremento dunha necesidade maior do número de tarxetas dispoñibles para a súa comercialización como consecuencia do incremento da demanda e da posta en marcha do Plan en novos concellos en 2015, así como a previsión da próxima posta en funcionamento da ATM de Ourense, considera oportuno subscribir unha nova addenda que garanta o *stock* e asegure a continuidade da bonificación no prezo.

A addenda subscrita hoxe permitirá a emisión de 76.000 novas tarxetas. O custo unitario de cada dispositivo será como máximo de catro euros e o de adquisición media correspondente ás diferentes remesas non será superior a 3,14 euros. Porén, Abanca

manterá un prezo de venda para as persoas usuarias de dous euros, de xeito que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda asume o custo do desconto, a través dunha achega total de 86.800 euros.

Dende o Executivo autonómico sinálase que o convenio subscrito con Abanca contribuíu de xeito decisivo ao éxito das áreas de transporte metropolitano na comunidade, nas que se emprega a Tarxeta Metropolitana de Galicia (TMG) como sistema de pagamento habitual e bonificado para os usuarios. Deste xeito, desde a recente posta en marcha da área de Vigo e da ampliación das áreas da Coruña, Santiago e Lugo coa incorporación de novos municipios, resulta prioritario manter unha oferta suficiente destas tarxetas.

Impulso ao transporte metropolitano

Os orzamentos para o vindeiro ano dotan a Dirección Xeral de Mobilidade con preto de 18 millóns de euros dos que un 57% , algo máis de 10 millóns de euros, se destinan á promoción do transporte público colectivo, ao Plan de transporte metropolitano de Galicia. Continúa a aposta este ano, cun incremento orzamentario do 16% para seguir coa implantación deste sistema.

Cómpre lembrar que o investimento no Plan de transporte metropolitano pasou de 6 millóns en 2014 a máis de 10 en 2016, unha clara aposta pola extensión das vantaxes destes servizos, que utilizan xa máis dun millón de viaxeiros cada mes.

CULTURA E EDUCACIÓN FACILITARÁ O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR AO ALUMNADO CON DISCAPACIDADE DO CENTRO DE ASPANAEX EN VIGO

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á colaboración entre o departamento educativo e esta entidade especializada na atención a estas persoas***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará neste curso 2015/2016 o servizo de comedor escolar aos usuarios da Asociación a favor das persoas con discapacidade intelectual da provincia de Pontevedra (Aspanaex), no seu centro de Vigo.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería e esta entidade especializada na atención a estas persoas, polo cal Educación achega un importe de preto de 6.200 euros para dar servizo a un total de 21 usuarios. Pola súa banda, Aspanaex asume a atención e o coidado do alumnado durante o período comprendido entre o seu traslado ao comedor tras o remate das clases matinais, e o seu novo traslado ás aulas para as clases da tarde ou, se for o caso, a súa recollida para seren trasladados ao domicilio familiar.

O acordo encádranse no compromiso do departamento educativo do Goberno galego coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente. Neste sentido, cómpre tamén sinalar o carácter educativo que para este alumnado con distintos tipos de discapacidades ten o comedor escolar, en canto á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

O convenio autorizado hoxe engádese aos xa formalizados con outras nove entidades para subvencionar este servizo, polo que se a eleva 380 o alumnado con algún tipo de discapacidade beneficiario deste servizo en toda Galicia.

A XUNTA INCREMENTA OS RECURSOS PÚBLICOS PARA A ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES COA NOVENA PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN PARA A EXPLOTACIÓN DAS RESIDENCIAS ASISTIDAS DA RÚA (OURENSE)

- *A Consellería de Política Social destina unha partida de 462.466,62 euros para posibilitar a atención residencial para 44 persoas maiores (41 en situación de dependencia e 3 con autonomía) no Concello da Rúa durante o vindeiro ano 2016*
- *Grazas a este acordo, a Xunta de Galicia dá cumprimento á Lei de dependencia garantindo o número de prazas públicas necesarias para a total atención das persoas dependentes*

O Consello da Xunta vén de autorizar o expediente de gasto relativo á novena prórroga dos contratos de xestión de servizos públicos para a explotación das residencias asistidas para persoas maiores da Rúa (Ourense). Ao abeiro desta autorización, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, destinará unha partida de 462.466,62 euros para posibilitar a atención residencial para 44 persoas maiores (41 en situación de dependencia e 3 con autonomía) no Concello da Rúa durante o vindeiro ano 2016. O contrato de xestión de servizos públicos para a explotación das residencias asistidas para persoas maiores da Rúa (Ourense) lévase asinando anualmente desde 2006.

Grazas a este acordo, a Xunta de Galicia incrementa os recursos públicos para a atención ás persoas maiores para satisfacer a demanda da poboación. Deste xeito dáse cumprimento á Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia no ámbito do mantemento do número de prazas públicas para persoas dependentes, prestando unha atención integral e continuada ás persoas usuarias e garantindo a total cobertura destes servizos.

Mediante este acordo contribúese ao mantemento dun sistema de atención social especializado, que ten en conta as necesidades e os desexos das persoas con necesidades de atención sociosanitaria, así como das súas familias, evitando que a situación de dependencia constitúa un factor máis de illamento ou exclusión social, tanto da persoa usuaria como da súa familia.

Atención á dependencia

A prórroga dos contratos de xestión de servizos públicos para a explotación das residencias asistidas para persoas maiores da Rúa (Ourense) enmárcase na liña da Consellería de Política Social da atención á dependencia. Neste ámbito, a Xunta avanzará en 2016 no cumprimento da Lei de dependencia con 10.000 novos dependentes incluídos no sistema, o que significa que se chegará ás 50.000 persoas atendidas e a unha ratio de cobertura do 75%. As partidas consignadas para

dependencia nos orzamentos de 2016 chega aos 324,2 millóns de euros, o que supón unha subida de 26 millóns de euros.

A XUNTA CONCEDE 1.822 NOVAS LIBRANZAS DE COIDADOS NA CONTORNA FAMILIAR AO ABEIRO DO SISTEMA PARA A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

- *Os novos dependentes que se ven beneficiados polas libranzas sumaranse ás máis de 40.000 persoas que na data actual están sendo atendidas a través do sistema*
- *A concesión destas altas suporá un investimento de 9.653.058,03 euros dos que 165.463,57 euros corresponden a decembro de 2015 e 9.469.594,46 euros en concepto de atrasos pola retroactividade do dereito a prestación*
- *A Xunta seguirá a impulsar os servizos profesionais na liña marcada dende o ano 2010, como demostra que na data do 31 de outubro de 2015, o 76,74% do total das prestacións de dependencia recoñecidas o son a través dun servizo profesional*

O Consello da Xunta vén de autorizar o acordo para a concesión de 1.822 novas libranzas de coidados na contorna familiar, ao abeiro do sistema para a autonomía e atención á dependencia. Deste xeito e grazas ao impulso da Dirección Xeral de Maiores e Discapacidade da Consellería de Política Social, e a través das xefaturas territoriais dáse cumprimento á Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia ao posibilitar a atención adecuada ás persoas solicitantes desta prestación con base nas súas necesidades actuais, así como da súa situación socioeconómica, que se sumarán ás máis de 40.000 persoas que na data actual están sendo atendidas a través do sistema. A concesión destas altas suporá un investimento para a Xunta de Galicia de 9.653.058,03 euros dos que 165.463,57 euros corresponden a decembro de 2015 e 9.469.594,46 euros en concepto de atrasos pola retroactividade do dereito a prestación.

Coa concesión destas 1.822 novas libranzas, a Xunta de Galicia incrementa a súa atención a través do sistema para a autonomía e atención á dependencia. A Consellería de Política Social considera a este sistema como un dos seus eixos principais e garante a atención ás persoas, así como ás súas familias, máis vulnerables.

A Xunta de Galicia realiza desde 2010 un importante esforzo no que atinxe á rede pública de servizos profesionais para a atención á dependencia. Na data do 31 de outubro de 2015, o 76,74% do total das prestacións de dependencia recoñecidas son a través dun servizo profesional, mentres que en 2009 esta porcentaxe era tan só do 41,44%. No entanto, existe un gran número de persoas solicitantes que demandan como modalidade de intervención a prestación económica de coidados na contorna familiar, polo que se fai necesario propiciar a atención adecuada ás persoas solicitantes con base nas súas necesidades actuais. Ao mesmo tempo en 2016 a Consellería de Política Social seguirá a impulsar a rede de servizos públicos profesionais, tendo en conta a participación da persoa beneficiaria, se é o caso, da súa familia ou entidades

tutelares, no establecemento do programa individual de atención no que se determinarán as modalidades de intervención máis axeitadas.

Atención á dependencia

A concesión destas 1.822 novas libranzas enmárcase na liña da Consellería de Política Social da atención á dependencia. Neste ámbito, a Xunta avanzará en 2016 no cumprimento da Lei de dependencia con 10.000 novos dependentes incluídos no sistema, o que significa que se chegará ás 50.000 persoas atendidas e a unha ratio de cobertura do 75%. As partidas consignadas para dependencia nos orzamentos de 2016 chega aos 324,2 millóns de euros, o que supón unha subida de 26 millóns de euros.

O PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS CONSEGUE REDUCIR EN CATRO ANOS A XERACIÓN PER CÁPITA E O DEPÓSITO EN VERTEDOIRO

- *O Consello da Xunta validou hoxe o informe que dá conta dos primeiros catro anos de execución desta folla de ruta, que se puxo en marcha en 2011*
- *Entre outros fitos, incrementou tamén a valorización e impulsou o programa de compostaxe doméstica, ao abeiro do que se entregaron 4.000 composteiros*
- *Ampliouse a rede de puntos limpos da comunidade, con 18 novas instalacións, ás que se sumarán outras 7 este ano, de modo que o 87 por cento da poboación galega terá este ano acceso a este servizo*
- *En 2013, clausurouse o último vertedoiro non autorizado e seláronse outros puntos destas características, de xeito que este modelo quedou totalmente suprimido*
- *O próximo ano está previsto ampliar as instalacións de Sogama e introducir melloras nos puntos limpos*

Galicia reduciu desde 2011 un catro por cento a xeración de residuos per cápita, tal e como se recolle na balance do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG) analizado hoxe no Consello da Xunta. Así mesmo, o informe reflicte tamén unha diminución nos depósitos en vertedoiro en 8,5 puntos porcentuais (pasando dun 50,6% a un 42,1%).

Esta folla de ruta, que se estende ata 2020, pon de manifesto os obxectivos deste Goberno por un modelo de xestión que fomente a recuperación dos materiais para a súa reciclaxe e valorización, previndo así a xeración de residuos, e dándolle outra oportunidade a materias primas moi prezadas. Para conseguilo, artéllase ao redor de 10 liñas estratéxicas e inclúe 56 medidas, das que xa se teñen executado accións no 57 por cento delas. Nestes primeiros catro anos, investíronse máis de 36,4 millóns de euros na posta en marcha destas actuacións.

Os obxectivos principais marcados por este Plan ata 2020 son os seguintes: redución nun 10 por cento na xeración de residuos; tratamento do 100 por cento dos residuos e diminución do depósito en vertedoiro dun 53% ata o 24%; e incremento da reutilización e reciclaxe, do 10 ao 30 por cento.

Ademais da redución da xeración de residuos *per cápita* e dos depósitos en vertedoiro, desde 2011 téñense acadado outros importantes fitos. Por exemplo, foi posible incrementar en 2,3 puntos a valorización material total; e impulsouse un programa de compostaxe doméstica, ao abeiro do que se entregaron 4.000 composteiros desde 2011.

Tamén se ampliou a rede de puntos limpos. Puxéronse en marcha 18 novas instalacións, 15 delas grazas á colaboración financeira da Xunta. Este mesmo ano

finalizará a construción de 6 novas instalacións propias por parte da Xunta, e incorpórase á rede un punto de iniciativa municipal. Polo tanto, a finais deste ano a rede de puntos limpos estará formada por 146 instalacións, fronte aos 121 de 2009. Actualmente, o 87 por cento da poboación galega conta con este servizo, o que supón que a poboación con acceso a esta aumentou en 17 puntos desde 2011.

É preciso salientar que, no marco do PXRUG, en 2013 se clausurou o último vertedoiro non autorizado de Galicia. Tamén se levaron a cabo 24 actuacións de selaxe, cun investimento de preto de 4 millóns de euros. Así, este modelo –no que os concellos destinaban a fracción resto directamente a vertedoiro– foi suprimido totalmente na primeira fase de execución deste plan. Actualmente, os modelos operativos a nivel autonómico son Sogama, e os modelos húmido-seco de Nostián e Barbanza.

Actuacións previstas para o próximo ano

Os avances que se teñen rexistrado ata agora terán continuidade nos próximos anos. Segundo se recolle no informe, unha das principais actuacións previstas en 2016 é o inicio da construción nas instalacións de Sogama dunha nova planta de recuperación de envases, así como a remodelación da actual planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible. Así, aumentarase a capacidade de tratamento das instalacións nun 36,3%. Tamén se construírá unha nova planta de compostaxe.

No próximo exercicio implementaranse melloras en puntos limpos construídos, co fin de incrementar a eficiencia na separación de residuos. Ademais, continuaranse coas accións de comunicación e sensibilización ambiental, para conseguir un incremento da participación e adquisición de compromiso que promovan unha sociedade máis concienciada e sustentable.

Compromiso nos orzamentos

A mellora na xestión de residuos é unha liña estratéxica para a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e así se reflicte tamén nas contas para 2016. Nos orzamentos do próximo ano, están consignados 2,8 millóns de euros para seguir avanzando na execución do PXRUG.

Tamén se continuará traballando no Programa de eliminación de puntos de vertedura incontrolada. Ata o momento, téñense suprimido 411 puntos, o 70 por cento deles erradicados este ano. O próximo ano a previsión é eliminar 160 puntos máis, grazas a un orzamento de 1,3 millóns de euros.

Cabe lembrar tamén que en 2016 se porá en marcha un Plan de xestión de residuos industriais de Galicia, que será complementario ao PXRUG, e que virá acompañado dun importante esforzo en materia de prevención e reciclaxe de residuos industriais, un ámbito no que se investirán un total de 3 millóns de euros.

GALICIA CONTARÁ ANTES DE FINAL DE ANO CON ESPAZOS DE INNOVACIÓN EN TODOS OS SEUS COMPLEXOS HOSPITALARIOS

- *Son salas de desenvolvemento colaborativo de deseño diáfano e facilmente modificable, que contan cun conxunto de ferramentas para experimentar, testar, realizar prototipos e refinar solucións en contornas reais orientadas á mellora da atención sanitaria*
- *Esta iniciativa promovida pola Plataforma de Innovación Sanitaria é pioneira en Europa, e enmárcase no proxecto InnovaSaúde*

A Consellería de Sanidade dotará antes do final de ano a todos os seus complexos hospitalarios de cadanseus espazos de innovación orientados a achegarlle valor aos diferentes actores que participan nos servizos asistenciais, aos que se sumará un máis na sede da Consellería en Santiago. Esta iniciativa, que se enmarca no proxecto InnovaSaúde e está promovida pola Plataforma de Innovación Sanitaria, é pioneira en Europa.

A Plataforma de Innovación creou recentemente nodos de innovación nas sete áreas de xestión integrada, A Coruña, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense. Os nodos pretenden afianzar o modelo de innovación corporativo e están formados por equipos multidisciplinares de entre 8 e 12 persoas, liderados por un profesional clínico, con representantes dos equipos directivos, dos servizos de calidade e metodoloxía e do persoal asistencial e non asistencial. Estes preto de 80 profesionais recibirán formación en competencias de redeseño e en *LeanHealthcare* (ferramentas de traballo en metodoloxías áxiles de innovación) que aplicarán xunto co resto de profesionais para a mellora dos procesos asistenciais. Desde os equipos de mellora multidisciplinares definiranse e poranse en marcha accións converxentes tendentes á mellora da calidade, seguridade e eficiencia dos servizos que se prestan.

Co obxectivo de reforzar e afianzar o modelo de innovación habilitarase para cada nodo un espazo físico no que os profesionais porán en práctica dun xeito aberto e colaborativo proxectos encamiñados a acadar unha mellora asistencial. Estes espazos son salas de desenvolvemento colaborativo, cun deseño diáfano e facilmente modificable, que contan ademais con ferramentas para experimentar, testar, realizar prototipos e refinar solucións en contornos reais orientados á mellora da atención sanitaria. Entre outros, pretenden facilitar a interacción cos usuarios finais, así como pilotar e validar propostas e produtos que posteriormente poderán ser escalados ao resto de áreas sanitarias. Neste ámbito definiranse proxectos de un elevado impacto asistencial que respondan a unha necesidade real do sistema sanitario e que requiran da validación de hipóteses en ámbitos reais e da participación de múltiples axentes.

Innovación centrada nos usuarios

O seu funcionamento integra un modelo de innovación centrada nos usuarios cun modelo de innovación aberta. Calquera persoa ou institución pode propoñer solucións, que serán avaliadas de xeito anónimo. As actividades principais que se espera potenciar son o desenvolvemento colaborativo -compartindo coñecementos, ideando novos escenarios, conceptos e solucións-; a exploración -implicando aos diferentes axentes fronte a novas propostas-; a experimentación -implementando solucións en escenarios reais con gran número de usuarios e a avaliación.

Porén desenvolvéronse contornas nas que participe o usuario dende as etapas iniciais. Permitindo diminuír os riscos, interacción dos usuarios no deseño dos requisitos ata dispor dunhas contornas de proba de prototipos que permitan corrixir erros e mellorar a usabilidade e percepción.

As áreas sobre as que xirarán os proxectos que se desenvolverán nos espazos abranguerán eidos diferentes, tales como a tecnoloxía (telemedicina e teleasistencia, interoperabilidade, robótica e realidade virtual), formación (a profesionais e usuarios), adherencia dos doentes e promoción da saúde. Todas as solucións propostas e desenvolvidas terán coma obxectivo incrementar o valor achegado aos usuarios.

Neste sentido, ao longo destes últimos tres anos, no marco do proxecto InnovaSaúde, téñense levado a cabo máis de vinte e cinco accións de mellora nas sete áreas de xestión integrada, onde participaron preto de cen profesionais. Algunhas das accións enfocáronse no redeseño de servizos e achega de valor nas urxencias, a e-consulta cardiolóxica, a prevención de erros nos medicamentos, a racionalización dos procesos na farmacia externa, a integración sociosanitaria ou a atención ao doente pluripatolóxico.

O obxectivo xeral de todos os proxectos é redeseñar os servizos asistenciais tomando como punto de partida ao doente e ao profesional para complementar e mellorar a atención sanitaria.